



Asociación Arrincadeira
Praza das Rodrigues, s/n – 27744 Riotorto
<http://www.arrincadeira.org>
info@arrincadeira.org

Riotorto, outubro de 2006

Estimado socio, estimada socia:

Desde a Asociación Arrincadeira, dirixímonos a vós unha vez máis para informaros das actividades que temos previsto realizar no vindeiro trimestre.

En primeiro lugar, o **domingo 29 de outubro**, celebraremos a **IVª edición das Xornadas Micolóxicas**. Sairemos recoller cogumelos ás 10 da mañá, e posteriormente haberá unha conferencia a cargo de Xesús Blanco, da asociación micolóxica Os Boluros. Nos vindeiros días teredes máis detalles desta actividade.

No mes de **novembro**, temos previsto organizar unha **charla** sobre a rendibilidade das **plantacións forestais de especies autóctonas**.

En **decembro**, organizaremos un **concurso fotográfico** para aplicar os coñecementos adquiridos no curso de fotografía (aínda que non será necesario ter asistido para poder participar no concurso). Faremos unha exposición coas fotos participantes, e tralo fallo do xurado procederá á entrega de premios. Nuns días redactaremos as bases do concurso, que serán publicadas nos lugares de costume, así como na páxina web. Neste mesmo mes, faremos unha **excursión á neve**: iremos a unha estación de esquí aínda por determinar.

Tamén aproveitamos para convocar a todos os socios e socias á **VIIIª Asemblea Xeral de Arrincadeira**, que terá lugar o **23 de decembro** ás 19.00 horas, en principio na segunda planta da Casa do Concello (se houbera que cambiar de lugar, avisarase coa debida antelación).

Por último, anunciámosvos que xa entrou en funcionamento o **envío de correos electrónicos** aos socios para informar das actividades da Asociación, e en breve funcionará tamén o **envío de mensaxes SMS**, polo que animamos a que nos enviades a vosa dirección de correo electrónico e/ou o voso número de teléfono móbil aos socios que aínda non o fixestes, ben através do noso correo electrónico (info@arrincadeira.org) ou poñéndovos en contacto con calquera dos membros da directiva.

Agardamos que as actividades propostas sexan do voso interese, e animámosvos a que nos fagades chegar as vosas propostas, suxerencias, queixas... para entre todos e todas contribuir a facer unha Arrincadeira mellor.

A directiva da Asociación Arrincadeira